



## **FUNCIONS DO MAESTRO/A DE AUDICIÓN E LINGUAXE**

A Lei 27/2007 do 23 de outubro, pola que se reconece a lingua se signos define no seu artigo nº 4 ó **maestro/a de Audición e Linguaxe como o *profesional especializado en sistemas alternativos e /ou aumentativos de apoio á comunicación oral, que estimulan e facilitan o desenvolvemento da mesma.***

As súas **funcións**, aparecen reguladas no Decreto 374/1996 de 17 de outubro que regula o reglamento orgánico dos CEIPs, CEPs e EEI e na **Orde do 24 de xullo de 1998**, que desenvolve o **Decreto 120/1998** de Orientación Educativa en Galicia, son:

- Atención a alumnado con n.e.a.e
- Coordinar en colaboración co Xefe/a de Estudos as cuestións relacionadas coa educaición e a estancia no centro do alumnado con n.e.a.e.
- Colabora coa CCP na elaboración do Plan de actuación respecto do alumnado con n.e.a.e.
- Orientar ó profesorado que imparta docencia ó alumnado con n.e.a.e., así como a eles mesmos e os pais/nais sobre cuestións de interese para o seu desenvolvemento.
- Colaborar co profesor-titor e co resto do profesorado na elaboración de Acs e no seguimento e avaliación das mesmas.
- Valorar as necesidades educativas para deseñar, desenvolver e avaliar programas específicos de intervención.
- Deseñar accións encamiñadas á atención temperá, prevención de dificultades ou probemas de desenvolvemento e aprendizaxe.
- Participar na avaliación psicopedagógica.
- Facilitar ó alumnado o apoio e asesoramento necesarios para adquirir habilidades básicas da vida e afrontar os momentos escolares máis decisivos ou de maior dificultade como o ingreso no centro, o cambio de ciclo ou etapa, a elección de optativas ou de itinerarios formativos, a transición á vida profesional e a resolución de conflitos interpersoais.
- Asistir ás reunións da CCP.
- Participar na avaliación inicial e en aquelas sesións de avaliación que afecten a alumnado con n.e.a.e.
- Colaborar na avaliación e seguimento das medidas de atención á diversidade.
- Prestar atención directa docente ó alumnado con n.e.a.e.
- Outras que se lle puideran asignar no ámbito do apoio.